



## ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE DIACONÍA, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE ACOLLIDA DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL NA CIDADE DE LUGO E QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE IRREGULARIDADE SOBREVIDA, NO EXERCICIO 2021**

#### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade citada o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2021, financiándose, sen embargo, os gastos realizados dende o 1 de xullo do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración consistirá en levar a cabo as medidas que son continuidade e peche dos itinerarios que se levan traballando nesta entidade con cada persoa en situación de vulnerabilidade.

A actuación da entidade que suscriben o convenio está orientado en dúas liñas:

-xestión de axudas económicas de necesidades básicas e aloxamento de emerxencia para aqueles caso de maior vulnerabilidade.

Serán destinatarias do programa as persoas que dentro da cidade de Lugo, foron beneficiarias do Programa de Acollida de Protección Internacional e quedan en situación de irregularidade sobrevida.





Que existe converxencia de intereses entre a entidade asinante para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase porque a entidade Diaconía, leva a cabo uns métodos de traballo e experiencia que lles confire unha especialización nesta materia, de xeito que poden atender coa urxencia que requiren as situacións que se están a dar nestas persoas e que non se poden demorar por motivos de carácter humanitario, entre outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

